

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Acordo Xunta Goberno 17/02/17-Bases progr. subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para investimentos culturais 2017

Bases reguladoras do programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para a realización de investimentos culturais durante o ano 2017

Na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno acordou aprobar as Bases reguladoras do programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para a realización de investimentos culturais durante o ano 2017, que se transcriben deseguido:

PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CORAIS POLIFÓNICAS, BANDAS DE MÚSICA POPULARES, ENTIDADES DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO E FORMACIÓNS MUSICAIS DE GRANDE FORMATO DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS CULTURAIS DURANTE O ANO 2017

BASES ESPECÍFICAS DO PROGRAMA (complementarias das bases reguladoras xerais)

Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para a realización de investimentos culturais durante o ano 2017
Referencia:	FO214/2017
Aplicación orzamentaria:	0612/3339/781 - Importe 200.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos:	Mínimo 3.000 €
Importe da subvención que se ha conceder:	Mínimo 600 €, máximo 15.000 €
Importe da solicitude:	Do 20 % ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento:	Variable entre 0,2000 e 0,8000

Base 3. Obxecto

Obxecto específico do programa FO214/2017

3.1 Serán obxecto deste programa de subvencións:

- Equipamentos e moblaxe.
- Realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles de titularidade da entidade solicitante.
- Compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade.

3.2 Gastos subvencionables neste programa:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL (*)
211	Construcións
213	Maquinaria
214	Utillaxe
216	Mobiliario
217	Equipos para proceso de información
219	Outro inmovilizado material
631	Taxas e licenzas (no caso de subvencións para obras)

* Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

Base 4. Exclusiones

Exclusiones específicas do programa F0214/2017

Ademais das exclusiones expresadas na base 4 das bases reguladoras xerais, non serán obxecto de subvención neste programa:

- A adquisición ou construción de novos locais.
- Os investimentos no patrimonio arquitectónico.
- Os investimentos deportivos e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- Os gastos financeiros.

Base 5. Entidades solicitantes

Requisitos específicos do programa F0214/2017

Esta liña de subvencións canaliza o apoio económico da Deputación da Coruña para o desenvolvemento de investimentos culturais das entidades sen fins de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que na nosa provincia dinamizan o campo da cultura popular e tradicional (corais, bandas de música, grupos de baile e/ou música tradicional), así como das formacións musicais de grande formato (orquestras sinfónicas e de cámara).

No caso das **formacións musicais de grande formato**, estas deben ter máis de **30 integrantes** e actividade continuada nos **cinco anos** anteriores ao da solicitude da subvención.

Como excepción ao establecido nas Bases reguladoras xerais, as entidades que opten por este programa poderán tamén solicitar subvención no programa F0213: *Programa de subvencións a corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2017.*

Base 6. Obrigas das entidades

Obrigas específicas das entidades beneficiarias do programa F0214/2017

Ademais das obrigas expresadas na base 6 das bases reguladoras, as entidades beneficiarias de subvención neste programa terán as seguintes:

- As entidades beneficiarias quedan obrigadas a destinar os bens aos fins concretos para a que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles, ou de dous anos, no caso de bens inventariables.
- No caso de execución de obras en locais, uso da lingua galega nos elementos de sinalización internos e externos. Toda a sinalética dos espazos e mobiliario deberá estar en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de estar tamén noutras linguas.
- As entidades terán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.
- As entidades solicitantes que reciban subvención deberán asistir ás actividades formativas que no campo da xestión e as políticas culturais organice durante o exercicio 2017 a área de Cultura da Deputación da Coruña.

O incumprimento destas obrigas levará parella a perda da subvención.

Base 7. Solicitude

7.1 Prazo e presentación de solicitudes específicos do programa F0214/2017

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2 Documentación específica do programa F0214/2017

Ademais da documentación relacionada na base 7.2 das bases reguladoras, as entidades solicitantes teñen que achegar, de xeito telemático:

1.- Dossier explicativo da natureza e traxectoria da entidade solicitante e da proposta de investimento para a que solicita a subvención. Deberá incluír a seguinte información:

- * Traxectoria da entidade: ano de fundación, anos de funcionamento.
- * Formación musical: explicación das actividades formativas e certificación do número de alumnos e alumnas participantes.

- * Creación e interpretación artística: explicación das formacións artísticas dependentes da entidade e certificación do número de integrantes.
- * Certificación do número de persoas asociadas á entidade.

2.- Memoria explicativa do investimento para o que solicita a subvención, que conterà como mínimo os seguintes aspectos:

- * Descrición do investimento que se vai realizar, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 3.

- * Calendario de realización ao longo do ano 2017.

- * Xustificación argumentativa do interese do investimento e da súa repercusión na comunidade usuaria (número de entidades diferentes ás que beneficia, impacto na veciñanza, etc)

3.- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.

4.- No caso de obras:

- * Resumo do orzamento de execución por capítulos ou memoria valorada, aínda que unha vez concedida a axuda, de ser legalmente necesario, requirírase para a xustificación, a achega do proxecto técnico. No caso de solicitar a axuda para unha fase da obra, definirase a fase no informe técnico e garantirase que é susceptible de utilización e a posibilidade de continuidade da obra por contar con financiamento.

- * Declaración de ter acreditada a propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmovible, propiedade ou arrendamento, con indicación do prazo de vixencia, e, no seu caso, declaración de ter autorización do propietario para a realización das obras.

- * Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio.

5.- Compromiso de manter a adscrición do ben aos fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles ou de dous anos no caso de bens inventariables.

6.- Compromiso, cando corresponda, de inscribir o ben no rexistro público correspondente, con indicación da subvención obtida e do período de adscrición do dito ben aos fins previstos.

7.- Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80 % do orzamento de gastos.

8.- Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.

9.- Declaración do número de persoas usuarias do investimento.

10.- Declaración do emprego da lingua galega na realización do proxecto.

No caso de que se solicite a autorización para concertar a execución total ou parcial dos investimentos con persoas xurídicas vinculadas, deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE e achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Base 8. Resolución

8.1 Valoración das solicitudes específica do programa FO214/2017

- **Coefficiente de financiamento derivado da solicitude:** ata 30 puntos.

- **Traxectoria da entidade:** ata 5 puntos.

Entre 5 e 10 anos de actividade continuada: 2 puntos

Máis de 10 anos de actividade continuada: 5 puntos

- **Repercusión directa do investimento na comunidade usuaria:** ata 30 puntos; valorarase:

- * **Formación musical:** ata 15 puntos.

- Desenvolve accións formativas puntuais (cursos, seminarios): 3 puntos.

- Desenvolve unha proposta formativa anual de carácter estábel (escola) con profesorado contratado: 10 puntos.

- O número de alumnos e alumnas das actividades didácticas e formativas supera as 25 persoas: 2 puntos.

* **Base social e integrantes:** ata 10 puntos.

- Número de persoas asociadas á entidade: máis de 50 persoas, 5 puntos.
- Número de persoas participantes nos grupos artísticos dependentes da entidade, no caso de haber: máis de 25 persoas sumando as diferentes formacións, 5 puntos.

* **Aproveitamento social e territorial do investimento:** ata 5 puntos.

- O investimento realizado beneficiará a máis entidades diferentes da peticionaria: 3 puntos.
- O investimento realizado beneficiará a veciños e veciñas de diferentes concellos: 2 puntos.

• **Emprego da lingua galega** nas memorias, informes técnicos etc. vinculados á petición da subvención: ata 5 puntos.

• **Interese do investimento** presentado: ata 30 puntos; valoraranse, no informe técnico correspondente, os seguintes aspectos:

* contribución do investimento para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade.

* interese do investimento para o aproveitamento sociocultural do investimento no territorio.

Base 9. Xustificación e pagamento

9.3 Documentación específica do programa FO214/2017

Subvencións de importe inferior a 3.000 €

Presentarase a seguinte documentación:

- Conta xustificativa.
- Factura dixital ou escaneada.

• Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos investimentos realizados, das persoas usuarias, dos resultados obtidos e as desviacións acaecidas, así como o detalle dos ingresos ou subvencións que financiasen o investimento subvencionado, con indicación do seu importe e procedencia.

A memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas e cumprimento de normas contractuais e urbanísticas, e acreditarse a recepción da obra ou o equipamento.

• Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación, de uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

Subvencións de 3.000 € ou máis

Presentarase a seguinte documentación:

- Conta xustificativa.

• Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizados, dos usuarios e dos resultados obtidos, así como detalle dos ingresos ou subvencións que financiasen o investimento subvencionado, con indicación do seu importe e procedencia.

A memoria deberá reflectir expresamente os seguintes termos: obtención de licenzas preceptivas e cumprimento de normas contractuais e acreditación da recepción da obra ou o equipamento.

• Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación, do uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

- Achegarse, ademais a seguinte documentación:

1. Para adquisición de bens de equipo

- Factura dixital ou escaneada.
- Acta de recepción escaneada, ou albará de entrega e fotografía.
- Declaración do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Se o importe do equipo supera os 18 000 € (IVE excluído) deberá achegarse telematicamente unha valoración pericial do ben adquirido suscrito por persoal técnico colexiado independente.

2.- Para execución de obras:

- Certificación escaneada de obra suscrita por persoal técnico colexiado competente.
- Relación valorada dixital.

- Factura dixital ou escaneada.
- Acta de recepción escaneada, e fotografía.
- Declaración da aprobación polo órgano competente da entidade beneficiaria da subvención.
- Se as obras as executa a administración, na certificación de obra concretarase exclusivamente o importe da execución material (sen que se poidan incorporar, polo tanto, nin gastos xerais, nin beneficio industrial, nin o imposto sobre o valor engadido), non obstante, poderá ser substituída esta por facturas dixitais ou escaneada, expedidas por distintos/as provedores.
- Se as obras se executan por contrata, a certificación de obra, que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase dunha factura dixital ou escaneada expedida polo/a contratista e por un certificado da aprobación polo órgano competente da entidade. O importe do IVE só será gasto subvencionable de non ter carácter deducible para a entidade beneficiaria.

A Coruña, 17 de febreiro de 2017

O PRESIDENTE O SECRETARIO

Valentín González Formoso José Luis Almau Supervía

2017/1397